



ECO CAMPAMENTO LABREGO (NEGREIRA)

DATOS XERAIS: O campamento ocupa a instalación Granxa Escola Bergando, un centro medioambiental que desenvolve programas e actividades de coñecemento e respecto do entorno natural, do ocio e o tempo libre. Ten instalacións amplias e un conxunto de animais (cabalos, porcos, alpacas, coellos, cabras, vacas, ovellas e diversas aves). A instalación está nunha reserva forestal e conta cun aloxamento para a rapazada conformado por liteiras. Cada quenda é de 25 usuarios. As actividades previstas son diversas: físico-deportivas, agrícola-gandeira, culturais e talleres; buscando facilitar á rapazada a participación nun entorno saudable cun programa formativo socio-cultural, deportivo, recreativo e de convivencia.

ACCESOS: Ubicado no monte Bergando, en Negreira (A Coruña) a 15 minutos de Santiago de Compostela. Nunha localidade onde abundan pazos, igrexas, hórreos e os enclaves naturais.

ENDEREZO: Granxa Escola Bergando, Monte Bergando-Negreira, A Coruña.
Tfno.: 696 840 382

QUENDA	ANO NACEMENTO	DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES
02-09 agosto	de 14-15-16	Eco-Camp Labrego Poderás desenvolver habilidades creativas, deportivas, medioambientais, o sentido de equipo e o compañeirismo nun entorno natural, pero próximo a un núcleo urbano, cun contacto total coa natureza, os animais e os seus coidados, e o medio rural. Conta con actividades deportivas como: equitación, escalada, tiro con arco, senderismo, piragüismo e paintball; talleres con manualidades, expresión corporal e de cociña; actividades agrícolas-gandeiras: coidado de animais, horta e invernadoiro; visitas de carácter cultural na contorna para coñecer o patrimonio monumental; veladas e xogos populares e cooperativos.
23-30 agosto	de 12-13	NOTA: Para participar neste campamento non se esixe saber nadar. No caso da actividade de río ou de calquera outra actividade acuática, as persoas que non saben nadar non poderán entrar na auga.



NORMAS XERAIS

1. As persoas participantes estarán atendidas permanentemente por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades de tempo libre.
2. Ningunha persoa participante poderá abandonar o centro sen autorización expresa do/a director/a da actividade, e sempre acompañado por un **adulto autorizado (persoa que asinou os papeis de inscrición)**; no caso de non poder estar presente este, a persoa que efectúe a recollida deberá achegar a fotocopia do DNI de quen autoriza (persoa que asinou os papeis de inscrición) e do autorizado, así como o impreso de autorización que lles será facilitado o día da recepción.
3. **Prégase non facer visitas de non ser necesario**, coa fin de non interferir no desenvolvemento das actividades e limitar ao mínimo imprescindible a entrada de persoas alleas á instalación.
4. **Horario de chamadas: na información de recepción o equipo directivo comunicará ás familias os días en que se poderá contactar cos/coas menores (cun mínimo de 3 días durante a quenda) e o horario para as chamadas.** Nese horario, os/as rapaces/zas disporán dos seus móbiles se os traen ou ben as familias poderán chamar ao menor nos teléfonos indicados na reunión de recepción. Tamén se permitirá as chamadas fóra do horario sinalado por causa xustificada.
5. As persoas participantes deberán levar as **tarxetas sanitarias orixinais** (ou seguro médico, MUFACE ou similar, e o talonario de receitas). A tarxeta sanitaria orixinal será entregada aos monitores o día da chegada.
O día da incorporación deberanse comunicar ao persoal técnico da actividade os medicamentos, en caso de tratamento específico, que estean a tomar; así como as alerxias, doenzas, ou calquera outra incidencia que se considere de interese.
- No caso de precisar medicación esta deberá vir nunha caixa co nome do/a participante e a receita médica correspondente, indicando a posoloxía e a duración do tratamento. Non se administrará ningún medicamento sen a orde escrita do médico. Esta medicación entregarase ao/á monitor/a correspondente no momento da chegada.
6. Recoméndase que non leven obxectos de valor, nin grandes sumas de diñeiro.
Prevese a organización dun banco de cartos e móbiles onde os participantes poderán depositar os seus cartos e tamén os teléfonos (recoméndase poñer un adhesivo co seu nome tanto no teléfono coma no cargador e, no caso de ser necesario, unha lista cos números de teléfono e o PIN, se non se sabe de memoria). Os teléfonos entregaranse apagados e dentro dunha bolsa pechada co nome do participante, xunto co cargador, a medicación, a tarxeta sanitaria e o diñeiro).
7. Recoméndase levar a roupa marcada coas iniciais.
8. Nesta web, no apartado "Documentación para presentar (fase de adxudicación)", está dispoñible o modelo de autorización para recollida do menor e outra información de interese.

INCORPORACIÓN E RECOLLIDA DAS PERSOAS PARTICIPANTES

- A **incorporación** realizarase o **día do inicio da quenda correspondente**, entre as **10.00 e as 13.00 horas** na Granxa Escola Bergando, Monte Bergando-Negreira, A Coruña.

Para comunicar calquera incidencia en relación coa incorporación pode contactar co teléfono: 696 840 382 durante os tres días anteriores á incorporación ao campamento.

- O día de **remate da quenda, a recollida das persoas participantes** deberá facerse entre as **12:00 e as 14.00** na mesma instalación.

MATERIAL NECESARIO

- Roupa cómoda (camisetas, pantalóns longos e curtos, sudadeira, chándal...)
- Forro polar ou similar
- Chuvasqueiro
- Pixama
- Roupa interior e calcetíns
- Calzado axeitado e zapatillas deportivas
- Neceser completo (mínimo cepillo de dentes e pasta, xel, champú, cepillo, repelente de mosquitos)
- Toalla de ducha e albornoz
- Bañadores, gafas e toalla de piscina, chanclas, protector solar e crema para despois do sol
- Gafas de sol e gorra
- Saco de durmir (as camas están equipadas con sábana baixeira, cobertor e almofada con funda)
- Lanterna con pilas ou recargable
- Mochila pequena para as saídas
- Botella plástico ou cantimplora
- Bolsa con peche para a roupa sucia

MATERIAL RECOMENDABLE

A maiores, é aconsellable levar:

- Disfraz para unha das veladas.



O horario básico da quenda será o seguinte:

08.30 h. Erguerse, aseo persoal, vestimenta axeitada e amaño de dormitorios
09.00 h. Almorzo
09.30 h. Actíva-T (desprazamento, de ser o caso).
10.00 h. Actividades de mañá (con interrupción para un refrixerio)
13.50 h. Remate das actividades de mañá, recollida e desinfección do material e aseo
14.10 h. Xantar
15.00 h. Aseo
15.10 h. Tempo libre xestionado e preparación actividades da tarde (desprazamento, de ser o caso)
16.00 h. Actividades de tarde (con interrupción para merendar)
19.50 h. Remate das actividades de tarde, recollida e desinfección do material
20.10 h. Ducha, tempo libre xestionado
21.00 h. Cea
21.30 h. Tempo libre xestionado
22.00 h. Escoita activa
22.20 h. Velada
23.30 h. Deitarse